

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
CÓDIGO	
MATERIA	Prácticas de interpretación Sistemas de interpretación
DISCIPLINA	Interpretación IV
TITULACIÓN	Titulación Superior en Arte dramática
ESPECIALIDADE	Interpretación
ITINERARIO	Común
CURSO	Segundo
CRÉDITOS ECTS	6
CARÁCTER	Obrigatoria
DEPARTAMENTO	Interpretación
CENTRO	ESAD de Galicia
COORDINADOR/A	
DOCENTES	Nome e apelidos: FRANCISCO MANUEL PELETEIRO ROMÁN Horario titorías: Luns a venres 15:00 - 16:00 Despacho: D3 Contacto: Tlf. 610975158 franpeleteiro@gmail.com franpeleteiro@edu.xunta.es
DESCRICIÓN	Adestramento nos procesos psicofísicos da técnica actoral. Estudo práctico das técnicas de improvisación. Achegamento á situación imaxinaria e á construción da personaxe a través da acción dramática.
COÑECEMENTOS PREVIOS	Os coñecementos propios da disciplina Interpretación III
LINGUA EN QUE SE IMPARTE	Galego X Castelán Inglés

2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO	
T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora
T2	Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T6	Realizar autocrítica cara o propio desempeño profesional e interpersonal.
T7	Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.
T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
T9	Integrarse adecuadamente en equipos interdisciplinarios e en contextos culturais diversos.
T11	Desenvolver na práctica laboral unha ética profesional baseada na apreciación e sensibilidade estética, ambiental e cara á diversidade.
T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
T15	Traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.
T16	Usar os medios e recursos ao seu alcance con responsabilidade cara ao patrimonio cultural e ambiental.
T17	Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social da importancia do patrimonio cultural, da súa incidencia nos diferentes ámbitos e da súa capacidade de xerar valores significativos.
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	
X1	Fomentar a autonomía e autorregulación no ámbito do coñecemento, as emocións, as actitudes e as condutas, mostrando independencia na recollida, análise e síntese da información, no desenvolvemento de ideas e argumentos dunha forma crítica e na súa capacidade para a propia motivación e a organización nos procesos creativos.
X2	Comprender psicoloxicamente e empatizar para entender e sentir as vidas, situacións e personalidades alleas, utilizando de maneira eficaz as súas capacidades de imaxinación, intuición, intelixencia emocional e pensamento creativo para a solución de problemas; desenvolvendo a súa capacidade para pensar e traballar con flexibilidade, adaptándose aos demais e ás circunstancias cambiantes do traballo, así como a conciencia e o uso saudable do propio corpo e o equilibrio necesario para responder aos requisitos psicolóxicos asociados ao espectáculo.
X3	Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.
X4	Comunicar, mostrando capacidade suficiente de negociación e organización do traballo en grupo, a integración en contextos culturais diversos e o uso das novas tecnoloxías.
X5	Fomentar a expresión e a creación persoal, integrando os coñecementos teóricos, técnicos e prácticos

	adquiridos; mostrando sinceridade, responsabilidade e xenerosidade no proceso creativo; asumindo o risco, tolerando o fracaso e valorando de maneira equilibrada o éxito social.
X6	Desenvolver unha metodoloxía de traballo, estudo e investigación encamiñada á autoformación na propia disciplina, procurando ámbitos axeitados para a formación continuada e para adaptarse a diversas situacións, especialmente ás derivadas da evolución da súa profesión.
X7	Valorar a arte dramática como unha actividade integrada na sociedade e na cultura galegas, coas cales comparte obxectivos e retos.
X8	Vincular a propia actividade teatral e escénica a outras disciplinas do pensamento científico e humanístico, ás artes en xeral e ao resto de disciplinas teatrais en particular, enriquecendo o exercicio da súa profesión cunha dimensión multidisciplinar.
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DE ESPECIALIDADE	
E1	Dominar os recursos expresivos necesarios para o desenvolvemento de procesos de interpretación, actuación e representación, no ámbito escénico e audiovisual.
E2	Participar na creación da partitura escénica e/ou personaxe, escénico ou audiovisual, e interpretalo adecuadamente, a través do dominio das diferentes técnicas interpretativas.
E3	Integrar e interactuar coas restantes linguaxes e códigos que conforman o espectáculo escénico ou audiovisual.
E5	Concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire ás metodoloxías de traballo como á renovación estética.
E6	Estudar o feito escénico a partir de diferentes métodos e coñecer aspectos básicos na investigación escénica.

3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA	COMPETENCIAS VINCULADAS
1. Afianzar no alumno os coñecementos adquiridos no curso anterior.	T1, T2, T3, T6, T7, X1, X4, X5, X6, EI1, EI2
2. Desenvolver capacidades e actitudes que favorezan o traballo equipo.	T1, T2, T3, T6, T7, X1, X4, X5, X6, EI2, EI5
3. Capacitar ao alumno para relacionar a teoría da interpretación coa súa práctica.	T1, T2, T3, T6, T7, T8, X1, X5
4. Coñecer os elementos que compoñen a linguaxe escénica, as súas convencións e terminoloxías	T3, T6, T7, X5, X6, EI2, EI3, EI5,
5. Desenvolver capacidades en comunicación expresiva. Unificación de coñecementos que integran a voz, o corpo e o xesto como medios expresivos e significantes.	T7, T8, X4, X5, X6, EI3, EI5
6. Dominar técnicas de repostas actorais espontáneas.	T1, T3, X2, X3, X4, X5, X6, EI1, EI3, EI5
7. Coñecer o orixe da estrutura dramática e os seus elementos.	T1, T2, T3, T6, T7, T8, X1, X2, X3, X4, X5, X6, EI1, EI2, EI5
8. Capacitar ao alumno para poñer en práctica un adestramento persoal que lle prepare no seu proceso de achegamento ao personaxe.	T6/ X4/ X6/ EI1/ EI2/ EI5
9. Progresar nas habilidades de adaptación a códigos de estilo e xéneros dramáticos.	T1, T2, T6, X2, X4, X5, X6, EI2 EI3, EI5
10. Desenvolver a capacidade creativa e investigadora.	T1, T2, T3, T6, T7, X2, X3, X4, X5, X6, EI3, EI5

4. CONTIDOS		
TEMAS	SUBTEMAS	SESIÓNS
1. SISTEMAS DE INTERPRETACIÓN IV	1 TÉCNICAS DE INTERPRETACIÓN 1.1 Introducción ás principais teorías e sistemas de interpretación. 1.2 Estilos e técnicas de interpretación. Mapa conceptual. 1.3 Entre a vía mecánica e a vía psicoloxista: 1.3.1 O sistema Stanislavski. 1.3.2 A técnica de Michael Chéjov. 1.3.3 O método de William Layton. 1.4 Análise dramática: conflito, obxectivos, antecedentes, circunstancias dadas. 1.5 Caracterización interna e externa da personaxe. 2 ADAPTACIÓN E CONTEXTO DA INTERPRETACIÓN 2.1 Coñecemento dos diferentes rexistros de interpretación. 2.2 Aplicación da técnica de interpretación a indicacións de	16

	<p>dirección escénica.</p> <p>2.3 Adaptación ás condicións e elementos da posta en escena final.</p> <p>2.4 Actitude no traballo e ética profesional.</p> <p>2.5 Atención ao patrimonio cultural na práctica da arte dramática.</p>	
PRÁCTICAS DE INTERPRETACIÓN IV	<p>1 A INTERPRETACIÓN NO PROCESO CREATIVO INDIVIDUAL</p> <p>1.1 Impulsos. Concentración, presenza e enerxía. Imaxinación.</p> <p>1.2 Visualización e liña de pensamento.</p> <p>1.3 As accións físicas.</p> <p>1.4 Fisicidade do texto.</p> <p>1.5 Carácter e ritmo interno da personaxe.</p> <p>1.6 A interpretación en rexistro realista / naturalista.</p> <p>1.7 A escoita dramática.</p> <p>1.8 A interpretación textual: monólogos e escenas para dúas persoas.</p> <p>2 A INTERPRETACIÓN NOS PROCESOS COLECTIVOS</p> <p>2.1 Sentido grupal, ritmo colectivo.</p> <p>2.2 Integración da técnica individual no traballo colectivo.</p> <p>2.3 Traballo de coro dramático. Ritmo e expresividade externa.</p> <p>2.4 Interpretación en rexistro épico.</p> <p>2.5 A escoita escénica.</p> <p>2.6 A interpretación xestual: creación e fixación de partituras físicas individuais e colectivas.</p>	16
TOTAL SESIÓNS		32

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE

Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Traballos de aula	23	14	
Presentacións / Exposicións	2		
Práctica de aula individual	10	40	88
Práctica de aula colectiva	50	20	40
Titorías individuais*	4		5
*As horas estipuladas neste apartado poderían estar suxeitas as necesidades de reforzo do alumnado debido a situación Covid-19.			
Titorías de grupo	8		1
Actividades de avaliación. Probas	2		2
Actividades de avaliación. Presentacións / mostras	4		
Actividades de avaliación. Revisión	1		
Total	106	74	180
Porcentaxe	58'8%	41,2%	100%

6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSEÑANZA E APRENDIZAXE

Actividades	Descrición
Presentacións/ exposicións	Exposición por parte do alumnado ante o docente e/ou un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto... Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo.
Prácticas de aula	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de

	habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia obxecto de estudo. Desenvólvense en espazos especiais con equipamento especializado.
Traballos de aula	O estudante desenvolve exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión do profesor. Pode estar vinculado o seu desenvolvementos con actividades autónomas do estudante.
Titoría docente	Entrevistas que o alumno mantén co profesorado da materia para asesoramento / desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe, coordinación de traballos, seguimento de actividades e asesoramento para a realización de probas.
Prácticas	Realización de actividades que permiten a cooperación de varias materias e enfrontan aos alumnos, traballando en equipo, a problemas abertos. Permiten integrar as competencias da materia e adestrar, entre outras, as capacidades de aprendizaxe en cooperación, de organización, de comunicación e de fortalecemento das relacións persoais.
Titoría en grupo	Entrevistas que os alumnos manteñen co profesor da materia para asesoramento /desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.
Titorías individuais	Entrevistas que o alumno mantén co profesor da materia para asesoramento/ desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.

7. ATENCIÓN PERSONALIZADA	
Seguimento	Farase un seguimento personalizado, facendo un análise de cada caso específico e resolvendo cada casuística do xeito máis axeitado.
Orientación	Orientación respecto ás dúbidas e inxedanzas que xurdan en cada caso.

8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN		
8.1 Avaliación ordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Mostra de traballos prácticos: monólogos, escenas, partituras, propostas escénicas.	T1, T2, T3, T6, T7, T8, T9, T10, T11, T13, T15, T16, T17, X1, X2, X3, X4, X5, X6, X7, E11, E12, E13	35%
Traballo na aula: Asistencia a clase, compromiso, esforzo, autonomía, incorporación de pautas, respecto polo colectivo, coidado do patrimonio.	T1, T3, T6, T7, T8, T9, T11, T13, T15, T16, T17, X1, X2, X3, X4, X5, X6, X7, E11, E12, E13	50%
Traballos teóricos.	T1, T2, T3, T6, T7, T8, T9, T11, T13, T15, T16, T17, X1, X2, X3, X4, X5, X6, X7, X8	15%
8.2. Avaliación extraordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Sesión de traballo individual/colectiva	T1, T2, T3, T6, T7, T8, T9, T10, T11, T13, T15, T16, T17, X1, X2, X3, X4, X5, X6, X7, E11, E12, E13	10%
-Posta en escena de dous monólogos cunha duración mínima de 5 minutos cada un. Un deles en rexistro naturalista e outro en rexistro épico. -Posta en escena dunha escena para un mínimo de 2 personaxes cunha duración mínima de 7 minutos, utilizando algún dos estilos de interpretación relacionados na disciplina.	T1, T2, T3, T6, T7, T8, T9, T10, T11, T13, T15, T16, T17, X1, X2, X3, X4, X5, X6, X7, E11, E12, E13	50%
-Realización e entrega de tódolos traballos prácticos e teóricos encargados polo profesor ás alumnas/os durante o cuadrimestre.	T1, T2, T3, T6, T7, T8, T9, T11, T13, T15, T16, T17, X1, X2, X3, X4, X5, X6, X7, X8	40%
OBSERVACIÓNS COVID-19		
<p>Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a ESAD de Galicia establece unha planificación extraordinaria que se ACTIVARÁ NO MOMENTO EN QUE A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA O DETERMINE, atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da presente programación docente. No suposto de que se produza unha emerxencia, a presente non sufrirá máis modificación que a derivada da necesidade de articular unha avaliación non presencial, para o que se establecerán as adaptacións necesarias nas actividades e ferramentas de avaliación, en relación coas competencias que se indican e coa</p>		

ponderación que se sinala.

Para o caso da avaliación non presencial de toda a disciplina, estas serán as instrucións:

Proba non presencial 1 Covid-19

En formato video, grabado previamente e colgado na plataforma Moodle, o alumno/a preparará dous monólogos, un de estilo realista-naturalista e outro de estilo épico, previamente pactado co docente, cunha duración mínima de 5 minutos cada un.

Competencias*: T1,T2,T3,T6,T7, T8, T9, T10, T11, T13, T15, T16, T17, X1, X2, X3, X4, X5, X6, X7, EI1, EI2, EI3

*As competencias relacionadas co traballo compartido en escena que non vai poder realizarse, non formarán parte da avaliación habitual que contemplaba a presentación dunha escena. Deste xeito, todo o peso da non presencialidade terá como protagonista o traballo individual.

Ponderación: 50%

Proba non presencial 2 Covid-19

Deberanse amosar tódolos traballos e tarefas prácticas encargadas durante o cuatrimestre (de non telo feito de forma presencial durante as clases), que serán explicadas e pactadas co profesor, nunha sesión en directo que será gravada para a súa avaliación.

Competencias: T1,T2,T3,T6,T7, T8, T9, T11, T13, T15, T16, T17, X1, X2, X3, X4, X5, X6, X7, X8

Ponderación: 35%

Proba adicional 3 Covid-19

Exposición oral de máximo 20 minutos sobre contidos teóricos relacionados coa materia e que será pactado co profesor.

Competencias T1,T2,T3,T6,T7, T8, T9, T11, T13, T15, T16, T17, X1, X2, X3, X4, X5, X6, X7, X8

Ponderación: 15%

No caso de que o tránsito se produza iniciado xa o curso escolar, o profesorado combinará a avaliación do traballo presencial do alumnado coa avaliación do traballo non presencial, determinando as ferramentas (presenciais e non presenciais) a utilizar e a ponderación das mesmas.

AS PRESENTES MEDIDAS PODERÁN SER OBXECTO DE MODIFICACIÓN EN FUNCIÓN DAS DIRECTRICES OU INSTRUCIÓN QUE POIDA FACER PÚBLICAS A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA, QUE SE COMUNICARÁN EN TEMPO E FORMA AO ALUMNADO POLAS CANLES HABITUAIS (PÁXINA WEB E CORREO ELECTRÓNICO).

8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Sesión de traballo individual/colectiva	T1,T2,T3,T6,T7, T8, T9, T10, T11, T13, T15, T16, T17, X1, X2, X3, X4, X5, X6, X7, EI1, EI2, EI3	10%
-Posta en escena de dun monólogo cunha duración mínima de 5 minutos en rexistro naturalista ou en rexistro épico. -Posta en escena dunha escena para un mínimo de 2 personaxes cunha duración mínima de 5 minutos, utilizando algún dos estilos de interpretación relacionados na disciplina.	T1,T2,T3,T6,T7, T8, T9, T10, T11, T13, T15, T16, T17, X1, X2, X3, X4, X5, X6, X7, EI1, EI2, EI3	40%
-Realización e entrega de tódolos traballos prácticos e teóricos encargados polo profesor ás alumnas/os durante o cuatrimestre.	T1,T2,T3,T6,T7, T8, T9, T11, T13, T15, T16, T17, X1, X2, X3, X4, X5, X6, X7, X8	50%

9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS

Referencias básicas

- CHÉJOV, Michael, *Sobre la técnica de la actuación*, Ed. Alba, Barcelona, 1999.
- DONNELLAN, Declan, *El actor y la diana*, Ed. Fundamentos, Madrid, 2004.
- HERRERO MUÑOZ, Julián, *Las raíces históricas del teatro físico en el siglo XX*, Ed. Diego Marín, Murcia, 2014
- KNÉBEL OSIPOVNA, María.(1996). El último Stanislawski. Madrid, Ed. Fundamentos
- LAYTON, William.(1990). ¿ Por qué? El trampolín del actor.Madrid, ed. Fundamentos.

Referencias complementarias

- BOAL, A, *Juego para actores y no actores*, Alba editorial, Barcelona, 2001
- BOGART, Anne, *Antes de actuar*, Ed. Alba, Barcelona, 2015.
- CHÉJOV, Michael, *Lecciones para el actor profesional*, Ed. Alba, Barcelona, 2006.
- EINES, Jorge, *La formación del actor*, Ed. Fundamentos, Madrid, 1998.
- GROTOWSKI, Jerzy, *Teatro laboratorio*, Tusquets editores, Barcelona, 1980
- _____, J. *Hacia un teatro pobre*, Alba Editorial, Barcelona, 2002
- HAGEN, Uta, *Un reto para el actor*, Ed. Alba, Barcelona 2002.
- INNES, Christopher, *El teatro sagrado. El ritual y la vanguardia*, Fondo de cultura económica, México, 1992
- LECOQ, Jacques.(2004). El Cuerpo Poético. Barcelona, ed. Alba.
- STANISLAVSKI, Constantin, *Un actor se prepara*, Diana, México, 1999
- _____, C. *La construcción del personaje*, Alianza editorial, 1999
- _____, C. *Creación de un personaje*, Ed. Diana, México 1992

10. OBSERVACIONES

Para superar a materia os alumnos terán que ter aprobados todos os traballos.

O establecido no apartado 4, Contidos, pode ser obxecto de modificación en función dos acordos entre profesorado e alumnado, en función das necesidades do propio alumnado e en función das necesidades das propostas dramáticas. Estes cambios trasladaranse á Xefatura de Departamento e de Estudos para o seu coñecemento.